

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**LINGUA GALEGA**

**curso 2018-19**

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

Nome da materia	Lingua Galega
Código	IV30125
Tipo (M / O / AC)	M
Curso	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	76
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

**I.1. Profesora/Profesor:**

Profesor/a	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Rita Paredes Cayo	3 A	Correo electrónico: ritaparedescaio@gmail.com	Correo electrónico ou en persoa na aula.	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO**

A materia de Lingua Galega ofértase coa intención de que o alumnado que non tivo nunca acceso á formación en lingua galega, poida actualizar os seus coñecementos para mellorar tanto as competencias orais como as escritas en galego estándar.

**III.- OBXECTIVOS XERAIS**

O alumnado acadará un nivel intermedio de lingua galega, tanto en competencias escritas como orais. Tamén coñecera as ferramentas precisas coas que iniciar un proceso de autoaprendizaxe.

**IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES**

Espérase do alumnado que:

- Mellora a súa expresión escrita en galego a través do coñecemento das normas ortográficas e gramaticais.
- Sexa capaz de redactar textos de distintas temáticas cun bo nivel de corrección lingüística.
- Adquiera un dominio da lingua e un control gramatical que lle permita expresarse oralmente en distintas situacións.
- Poida comprender, cun alto grao de autonomía, textos variados.
- Sexa capaz de manexar os recursos de autoaprendizaxe existentes para seguir mellorando na adquisición de competencias lingüísticas.

#### V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo alumno	de do traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
<b>Clase maxistral</b>	28	0	1	28	56	2,2
<b>Probas de avaliación</b>	2	0	9	18	20	0,8
<b>Total</b>	30	0		46	76	3

#### VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

##### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Uso e norma do galego. Variedades lingüísticas.	4
2	Pautas básicas para comezar a falar, ler e escribir en galego	2
3	Ortografía: Maiúsculas e minúsculas. A acentuación gráfica. Signos de interrogación e admiración. Os signos de puntuación Palabras de grafía dubidosa (b/v, h, s/x)	4
4	Artigos e contraccións. Determinantes	2
5	Os pronomes persoais: formas e normas de colocación	4
6	Substantivos: a flexión de xénero e número	2
7	Verbos regulares e irregulares máis comúns	2
8	Nexos: preposición, conxuncións e construcións comparativas	2
9	Elementos de coherencia e cohesión na elaboración do texto	4
10	Nocións de sociolingüística da lingua galega	2

##### Actividades complementarias (NON OBRIGATORIAS)

Saída cultural de día completo para visitar lugares de interese para a comprensión da materia e da realidade na que se insire a lingua galega. Cada curso lectivo procuro cambiar de destino para aproveitar novos museos, exposicións temporais, etc.

##### Bibliografía básica

BELTRÁN CARBALLEIRA, R.X., *Manual práctico de galego*, A Coruña: Baía edicións, 2006

FEIXÓ CID, X., *Gramática da lingua galega. Síntese práctica*, Vigo: Xerais, 2004

\* SENDE, SECHU, *Made in Galiza*, Vigo: Galaxia, 2007 (11ª edición en 2017) engadida esta cita bibliográfica

##### Recursos na web

*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 2003 (edición revisada) RAG/ILG. *En papel e en formato electrónico*: <http://www.realacademiagalega.org/recursos>

*O portal da lingua* <http://www.lingua.gal/portada>

*Nomenclátor de Galicia*: <http://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>

- Cursos de lingua galega:

*Aula de Galego 2*. VVAA. Xunta de Galicia. [http://www.xunta.es/linguagalega/celga\\_2](http://www.xunta.es/linguagalega/celga_2)

Aula de Galego 3. VVAA. Xunta de Galicia. [http://www.xunta.es/linguagalega/celga\\_3](http://www.xunta.es/linguagalega/celga_3)  
Curso de lingua galega [https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso\\_de\\_lingua\\_galega](https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega)

- Dicionarios

*Dicionario da Real Academia Galega* <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>

*Dicionario de dicionarios* <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>

*Diccionario visual interactivo*, [www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html)

*Digalego, dicionario de galego*: <http://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>

- Correctores e tradutores

*OrtoGal, corrector ortográfico en liña de galego*: <http://sli.uvigo.es/corrector/>

*Tradutor Open Trad apertium*: <http://sli.uvigo.es/tradutor/>

## **VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

A metodoloxía será eminentemente práctica e baseada nun enfoque comunicativo. Realizaremos exercicios prácticos segundo a forma establecida como común no ensino do galego, que combina as técnicas de aprendizaxe dun idioma para estranxeiros e exercicios de maior complexidade.

As clases impartiranse con apoio de diverso material audiovisual: documentais, visitas a páxinas web relevantes para a materia e para complementar a formación persoal do alumnado.

A metodoloxía é tamén participativa porque o alumnado deberá realizar exercicios, comentar e facer reflexións críticas sobre os temas que se propoñen.

## **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

O 50% da nota corresponde á asistencia e participación como mínimo ao 80% das horas de aula; o 50% restante á entrega de exercicios escritos que a profesora solicite durante o curso.; e o 25% restante deberá obterse na realización dunha proba final obrigatoria que se realizará dentro das datas oficiais propostas para as probas de avaliación.-> eliminamos o que está en vermello

## **IX.- OBSERVACIÓNS**

A profesora propondrá como actividade complementaria para o alumnado a posibilidade de asistir a unha viaxe cultural xunto co alumnado doutras materias que tamén imparte a mesma docente.